



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE XUÑO DE 2013**

### **LICENZAS**

**LIC/560/2013.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AVDA. DE LUGO.-** Conceder licenza para reforma do inmoble para instalación de ascensor na Avda. de Lugo, 235.

**LIC/2069/2012.- JOSE SANTIAGO PIÑEIRO NIETO.-** Conceder licenza para construción de edificio de 7 vivendas na rúa do Restollal, 57

**LIC/379/2013.- EUNICE MENDEZ BENEGASSI GAMALLO.-** Conceder licenza para rehabilitación de cuberta de edificio sito na rúa Cardeal Payá, 2.

**LIC/813/2008.- MANUEL ESPASANDIN PEREIRO.-** Conceder licenza para rehabilitación de edificio para vivenda unifamiliar no Barrio de Guadalupe, 4.

**LIC/646/2013.- SOLUCIONES DE FORMACIÓN Y TECNOLOGÍA SL.-** Conceder licenza para demolición tabiquería interior con cambio de distribución interna.

**LIC/508/2013.- FUNDACION CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.-** Conceder licenza para restauración de fachada na Praza do Obradoiro.

**LIC/846/2011.- ORDEN DE LA COMPAÑÍA DE MARÍA NUESTRA SEÑORA PROVINCIA DE ESPAÑA.-** Conceder licenza para rehabilitación parcial de edificio do colexio da Enseñanza para residencia da comunidade.

### **PARCELACIÓNS**

**LIC/409/2013.- CARMEN GUILLIN GENDRE.-** Conceder licenza de parcelación no Lugar de Formaris, 7.

### **RECURSO DE REPOSICIÓN**

**LIC/176/2013.- PEDRO JAVIER FERNÁNDEZ RAÑA.-** Rexeitar recurso de reposición interposto contra acordo da Xunta de Goberno Local do día 4 de abril de 2013.

### **APERTURAS**

**LAP/394/2006.- APV MOTOR SA.-** Informar favorablemente a actividade e remisión á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xutna de Galicia para a clasificación da actividade de acordo co previsto no Regulamento de actividades molestas.

### **DEVOLUCIÓNS DE FIANZA**

**LIC/1605/2011.- JOSE MOREIRA SOBRIDO .....LIC/1125/2010 ..... 1.500 €**

**LIC/1606/2011.- JOSE MOREIRA SOBRIDO .....LIC/1125/2010 ..... 1.500 €**

**5.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

**42.- Transmisión da licenza de auto-taxi número 18 a favor de Marcos Seoane Sánchez.**

Apróbase a transmisión.

**43.- Dar conta da apertura da escola infantil de Meixonfrío para atender ás necesidades de conciliación no mes de agosto por mor do peche das escolas de Conxo e Fontiñas nese mes.**

Deuse conta á XGL da apertura da Escola Infantil de Meixonfrío no mes de agosto á vista do sondeo que se fixo no mes de abril entre as familias que utilizan esta escola e que resultou ser a que máis demanda tiña entre as que se fixeron a enquisa: Conxo, Fontiñas e Meixonfrío. En Meixonfrío-Salqueiriños 20 familias farán uso da Escola todo o mes de agosto e outras 10 solicitaron quincenas.

**44.- Dar conta do informe relativo á cesión de solo para a construción da nova Escola Oficial de Idiomas.**

Deuse conta desta corrección de erros no acordo transcrito en relación a esta cesión. As consideracións feitas nas conclusións do informe sobre este tema tiñan errado a orde e ademais estaba mal a referencia catastral, co que queda corrixida con este punto.

**45.- Proposta da concelleira delegada de Obras e Infraestructuras relativa á retirada dunha obra da relación de obras incluídas no POS 2013 da Excma. Deputación da Coruña.**

A proposta da Concelleira de Urbanismo aprobouse solicitar á Deputación da Coruña a retirada dunha obra para o POS 2013 (Mellora e acondicionamento de viais nas parroquias de Cesar, Berdía, A Barciela e San Caetano) para incluír o proxecto "Pavimentación de vías públicas municipais en Pousada, Candelaria, Barciela, Berdía e As Pereiras".

**46.- Proposta da concelleira delegada de Obras e Infraestructuras relativa ao compromiso do Concello de adxudicar diversas obras no POS 2013 antes de 1 de outubro de 2013.**

A XGL aprobou o compromiso coa Deputación para adxudicar antes do 1 de outubro de 2013 as seguintes obras: mellora e acondicionamento de vías na parroquia de Sabugueira, en Castro (Bando), no Eixo, na parroquia de Bando, na de Marantes, en Frades (Barciela); tamén para a ampliación da rede de saneamento e abastecemento en Lavacolla, de saneamento en Silvouta e Sarela de Arriba na Peregrina.

**47.- Recoñecemento de débeda e indemnización substitutiva a favor de SERMASA por prestación de servizos de limpeza, conserxería e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria correspondente a abril de 2013.**

A XGL aprobou este recoñecemento por importe de 90.723,06 € pola prestación de servizos de limpeza, conserxería e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria do mes de abril de 2013.

**48.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación da solicitude do pagamento dunha axuda para elementos especiais de madeira da cidade histórica á Comisión Executiva do Consorcio da Cidade de Santiago.**

A proposta da Concelleira de Urbanismo a XGL aprobou a axuda por valor de 6.720 € para elementos especiais de madeira na cidade histórica.

**49.- Informe relativo ao recurso especial en materia de contratación interposto contra o acordo da sesión de 23 de maio de 2013, polo que se adxudicou o contrato de servizo de limpeza, conserxería e control das instalacións dos CEIPS dependentes do Concello.**

Darase traslado do mesmo ós restantes interesados no procedemento e unha vez recibidas as alegacións a XGL resolverá o mesmo.

**50.- Aboamento de horas extraordinarias/gratificacións por servizos extraordinarios e plus de transporte.**

Aprobouse a proposta da concelleira de Persoal o abono das horas extraordinarias como segue:

- Administración: 3.872,04 €
- Bombeiros: 2.381,98 €
- Policía: 11.590,14 €

Tamén se abonou o plus transporte do persoal funcionario e laboral do Parque Móbil e da Brigada de Vías e Obras por un importe de 851,84 €.

**51.- Asuntos relativos a materia de Persoal.**

Abono da paga de produtividade.

**52.- Dar conta de corrección de erro no punto 3 letra A) da sesión de 6 de xuño de 2013, e devolución de fianza.**

Erro: recolleuse dúas veces a devolución de fianza.

**53.- Dar conta de corrección de erros no punto nº 11 da sesión de 2 de maio de 2013.**

Erro: rectificación do motivo polo que se concedeu a unha persoa a exención no pago taxa de saneamento.

**URXENCIAS**

- 1.- Dáse conta dunha subvención da Deputación.
- 2.- Adxudícase a obra de reforma da vía pública M23-4 en Frades (Enfesta) por importe de 26.499 euros a Joscon Construcciones SL cun prazo de execución de mes e medio.

3.- Apróbase o convenio entre a Xunta e o Concello para a revisión do Plan Especial cun importe de 453.200 euros (cada institución achega o 50%).